

LICITACIÓN

O Pleno, na súa sesión do 26 de maio de 2016, aprobou o expediente de contratación para a *EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA-RESTAURANTE NO EDIFICIO AULA DE INTERPRETACIÓN DO RÍO CHAMOSO*, e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

1. Entidade Adxudicadora:

- a) Organismo: Concello do Corgo (Lugo).
- b) Dependencia na que se tramita o expediente: Secretaría.
- c) Número de expediente: 2/2016

2. Obxecto do contrato:

- a) Descrición do obxecto: Explotación da cafetería-restaurante no edificio aula de interpretación do Río Chamoso.
- b) División por lotes e número: Non hai.
- c) Lugar de execución: Edificio na Praia Fluvial do Río Chamoso (Abuín, Corgo)
- d) Prazo de execución: a duración será de 5 anos que se computarán a partir da acta de inicio da explotación, podendo ser prorrogado o dito prazo por períodos anuais ata un máximo de un ano máis.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.

4. Canon a pagar polo adxudicatario: establécese un mínimo de 254,24 € mensuais en concepto de prezo e 53,39€ mensuais en concepto de IVE (307,63 euros mensuais IVE incluído). O canon mínimo a pagar en cinco anos ascende a 15.254,4 €, sen IVE, e 3.203,42 € de IVE

5. Garantías:

Definitiva: 5% sobre o importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información:

- a) Entidade: Concello do Corgo
- b) Domicilio: Estrada Nacional VI, s/n
- c) Localidade e Código Postal: O Corgo, 27163
- d) Teléfono e fax: 982302100 / 982302068
- e) Correo electrónico: concello.ocorgo@eidolocal.es
- f) Dirección de internet do perfil do contratante: www.concellodocorgo.com
- g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o vixésimo día posterior á data de publicación deste anuncio (ós efectos do cómputo dos prazos indícase que os días son naturais).

7. Requisitos específicos do contratista:

- a) Clasificación: Non se esixe.
- b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: non se esixe.

8. Presentación das ofertas:

a) Data límite de presentación: 20 días naturais contados desde a publicación deste anuncio no B.O.P. Tamén poderán enviarse por correo. Se ben neste caso deberá acreditarse tal como establece a cláusula 9ª do prego, advertindo que transcorridos 4 días hábiles desde que finalizou o prazo de presentación, **NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA PROPOSICIÓN.**

b) Documentación a presentar: a esixida na cláusula 10ª do prego.

c) Lugar de presentación: No rexistro xeral do Concello do Corgo, Estrada Nacional VI s/n, 27163 O Corgo.

9. Apertura das ofertas:

- a) Lugar: Casa do Concello do Corgo, Estrada N VI s/n, O Corgo.

b) Data: sexto día hábil posterior a contar desde a data de terminación do prazo de presentación de ofertas, sempre que non coincida en sábado, en tal caso abriríanse o primeiro día hábil seguinte.

c) Hora: 11:00 horas.

10. Outras informacións:

A) Criterios que servirán de base para a adxudicación: Valoración do incremento no canon a pagar.

11. Gastos dos anuncios: serán por conta do contratista adxudicatario.